

2.12. OS PAIS NO CENTRO/PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Existe unha boa colaboración cos pais. Iso maniféstase en varias accións:

- A nivel individual asistindo as citas que se fan dende as titorías, equipo directivo e departamento de orientación.
- A nivel colectivo. Na asistencia ás reunións cos titores/as, ás charlas da Escola de Pais, na asistencia a actividades culturais do centro, ás xornadas de convivencia...
- Destacar a colaboración desinteresada de 45 familias (representan un alto porcentaxe deste sector) na vixilancia dos nenos no comedor. Recordar que dende fai 4 cursos e por unanimidade, os pais/nais colaboradores, decidiron crear unha conta con todos eles titulares e acordaron que figuraran como autorizados para facer movementos na conta as nais e pais representantes das familias no consello escolar. Dende fai 2 cursos os abonos polas gardas realizadas, son ingresados nesta conta conxunta. Con estes ingresos que financianse: excursións escolares, actuacións culturais, xornadas de convivencia, etc...

Destacar moi especialmente, o labor que ven realizando a asociación de nais e pais ANPA “San Cosmeiro”, colaborando co colexio na mellora das instalacións, colaborando e financiando actuacións de títeres, teatro..., na organización de actividades culturais do centro (entroido, magosto...), nas xornadas de convivencia que vimos celebrando dende fai 6 cursos (ruta de senderismo, actuación cultural, comida de convivencia...).

Ademais para os rapaces e rapazas, están a organizarse actividades. Ata o de agora hai programadas:

ACTIVIDADE	LOCAL	DÍAS	HORARIO
Informática	Sala de informática	Luns	16:30 a 18:30 horas
Inglés	Aula de inglés	Mércores	16:30 a 18:30
Piscina	Piscina municipal do concello de Santa Comba Pendente do comezo	Venres	Sen confirmar